



NORMATIVA PARA O CONTRATO DE PRÉSTAMO DE FONDO INSTRUMENTAL DO CMUS PROFESIONAL DE CARBALLO

Condicións do préstamo:

- INFORME favorable do profesor sobre a preparación do alumno para a correcta montaxe e limpeza do mesmo. O profesor valorará o estado do instrumento no momento da entrega e comprobará que o instrumento non sofre alteración algunha.
- Prestarase cando sexa necesario para o desenvolvemento das actividades do centro e mentres non o precise outro alumno da especialidade.
- O PRAZO máximo do préstamo do fondo instrumental será desde o INICIO da actividade lectiva ata o REMATE DA MESMA NO MES DE XUÑO.
- No caso de existir máis aspirantes ao préstamo que instrumentos dispoñibles, o criterio para o préstamo será por orde de puntuación na proba de acceso ao 1º curso de grao elemental.

Causas da rescisión:

1. Cando a Directiva do CMUS determine que outro alumno do centro precisa do instrumento.
2. Cando o alumno destinatario do préstamo cause baixa no CMUS.
3. Cando o profesor/titor detecte un mal emprego do instrumento prestado.
4. Cando o alumno non mostre aproveitamento do mesmo.
5. Cando remate a actividade lectiva.

Compromiso:

- O préstamo do fondo instrumental do CMUS é PERSOAL E INTRANSFERIBLE, non estando permitida a súa cesión a outra persoa nin o seu emprego fóra do ámbito académico ou doméstico.
- No caso de extravío ou deterioro grave, reemplazarase o instrumento por outro de similares características.
- O mantemento do instrumento así como os elementos de desgaste (cañas, cordas e similares) correrán a cargo do destinatario do préstamo, e deberá devolver o instrumento nas mesmas condicións no que foi prestado.